

# FOLLOWING

Christopher Nolan, 1998

# 1457

---

ESTREA EN NUMAX: 07.01.2025 | V.O.S.E. | +16 | 69 min

Un escritor novo, sen traballo e en plena crise creativa decide seguir a xente pola rúa para atopar inspiración. Pero converterse en voyeur ten os seus riscos. Christopher Nolan debutou con este filme rodado en branco e negro e en 16 mm durante as fins de semana e con moi baixo orzamento.

«Un traballo ambicioso, mestura entre Mamet e Godard»

John Petrakis, CHICAGO TRIBUNE

---



## Reflexos dunha filmografía

Por Eduardo Martínez

*Following*, a primeira longametraxe dirixida por Christopher Nolan, podería pasar por unha (boa) ópera prima máis das estreadas en 1998. Rodada en branco e negro e 16mm, con 6.000 dólares de orzamento pagos do peto de Emma Thomas, a parella do realizador, o actor protagonista do filme, Jeremy Theobald, e o propio Nolan, aquí en funcións de director, guionista, director de fotografía e co-montador xunto a Gareth Heal, filmada en exteriores naturais polas rúas de Londres e nas casas do realizador e a súa familia... E un aínda máis longo etcétera de solucións ao límite da precariedade máis absoluta que, a pesar das obvias limitacións orzamentarias que loce o resultado final, non a invalidan como unha primeira película interesante e ambiciosa. Pero vista en perspectiva é ademais, e simultaneamente, unha mostra da consistencia dalgúns dos temas dun dos directores máis populares e polémicos do panorama actual.

Nesta primeira película, Nolan expón unha trama sinxela que cobra un novo sentido, sumando capas de complexidade, grazas a unha formulación narrativa, e unha estrutura, que rehúfoxe da linealidade e a causalidade cronolóxica en aras dun tratamento máis interesado en como se constrúen os relatos que no contido dos mesmos. Nolan converte case todas as súas películas en retratos de homes cuxas identidades se atopan tan fragmentadas como os mundos audiovisuais polos que deambulan como almas en pena. Torturados protagonistas como o anónimo Narrador de *Following* resaltan a construción narrativa eminentemente subxectiva da película, feita explícita na resposta a un axente policial coa que arranca: “O que segue é a miña historia”.

Esa afirmación parece dirixida ao espectador, aínda que argumentalmente e a grandes liñas, vira declaración exculpatoria coa que a través da súa profesión (máis desexada que real) de escritor busca xustificar a súa peculiar afección de seguir a descoñecidos polas rúas de Londres, buscando a inspiración imaxinando quen son, que fan e, en definitiva, como viven. Unha práctica aleatoria, aínda que non desprovista de normas, que se ve impulsada a un novo estadio ao ser descuberto por un dos homes aos que segue, que se presenta como Cobb, e que representa a Nétese perfecta do Narrador. Se este se nos mostra como un home pasivo, de aspecto desastrado, anónimo e apoucado, Cobb é decidido, elegante e, sobre todo, moi elocuente.

Pero este antagonismo vira en dependencia cando Cobb confesa a súa afección por introducirse en casas alleas, en ausencia dos seus lexítimos hóspedes, para conecturar sobre as súas vidas, levar ou cambiar de sitio algúns obxectos de valor económico ou persoal ou mesmo introducir novos elementos que nunca estiveron alí, sempre coa intención de perturbar o tedioso cotián dos seus habitantes para facelos conscientes. Unha versión moito máis activa (e criminal e inmoral) dos seguimentos do Narrador, que a pesar das súas reticencias iniciais cae rendido ante o vitalista estilo de vida de Cobb, ata ser practicamente vampirizado pola súa influencia. Un proceso de dependencia identitaria moi habitual no cinema de Nolan en casos como o detective Dormer (Al Pacino) respecto ao asasino Walter Finch (Robin Williams) en *Insomnio* (2002), os magos Borden (Christian Bale) e Angier (Hugh Jackman) protagonistas d’*O truco final* (2006) ou, máis coñecido, entre Batman (Christian Bale) e o Joker (Heath Ledger) n’*O cabaleiro escuro* (2008).

Publicado en [revistamutaciones.com](http://revistamutaciones.com)